



Estimadas familias:

Como en cursos anteriores, o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, coa colaboración do Equipo Docente de Educación Física, e dentro das actividades que se programan para celebrar o “Día da Paz”, propón a participación na Carreira “KILOS DE PAZ”. Nesta ocasión, vaise realizar unha recollida de alimentos para a Despensa Municipal de Alimentos de Cambre.

A carreira celebrarase o día 27 de xaneiro no Pavillón Municipal “Sofía Toro” de Cambre nos horarios que se indican. Nesta edición, como xa se fixo antes da pandemia, queremos invitar a participar a todos os sectores da comunidade educativa; haberá quendas para os distintos niveis educativos, alumnado e persoal docente e tamén haberá unha quenda para as familias do alumnado e para o persoal non docente, así como para o profesorado que non tivera oportunidade de participar nas quendas do alumnado. Os participantes levarán unha pegatina conmemorativa, que se lles facilitará con anterioridade.

QUENDAS	
09:45-10:30	Alumnado de 5º e 6º de E.P. e profesorado destes niveis educativos.
10:30-11:15	Alumnado de 3º e 4º de E.P. e profesorado destes niveis educativos.
11:15-12:00	Alumnado de 1º e 2º de E.P. e profesorado destes niveis educativos.
13:00-13:45	Alumnado de Educación Infantil e profesorado destes niveis educativos.
13:45-14:15	Familias e Persoal non docente.

Á hora sinalada, o alumnado –acompañado polo profesorado titor- accederá ao pavillón pola porta que dá ao patio cuberto e atenderá ás indicacións dos profesores de E.F. para colocarse na liña de saída e comezar a carreira. Cada participante realizará as voltas que desexe nun máximo de 10 minutos, ao cabo dos cales se sinalará o final.

En canto ás familias, poderán entrar ao pavillón dende as 13:00 horas para presenciar a carreira do alumnado de Infantil. Ás 13:45 horas accederán ao circuito para realizar a carreira xunto co persoal non docente e profesorado que non tivera ocasión de participar nas quendas anteriores. As titorías que o consideren oportuno poderán asistir a esta última carreira; as de primaria dende as gradas e as de infantil a pé de pista.

Previamente á participación na carreira, os corredores poderán facer o seu donativo nas caixas que se colocarán no propio pavillón. Os donativos consistirán en alimentos envasados e non perecedeiros e/ou artigos de aseo persoal (leite, aceite, legumes, arroz, etc. e/ou xabón, xel, champú, etc.) que se destinarán á Despensa Municipal de Alimentos de Cambre.

O profesorado titor explicará ao seu alumnado os obxectivos da carreira, repartirá as pegatinas para que os alumnos as poñan antes da carreira e, ao acabar esta, entregará os diplomas. nas aulas de Educación Física, OS profesores reflexionarán co alumnado sobre a combinación de valores e actividade física.

RECORDADE QUE PARA PARTICIPAR É NECESARIO TRAER CALZADO DEPORTIVO, POIS NO PAVILLÓN NON ESTÁ PERMITIDO REALIZAR ACTIVIDADES CON CALZADO COMÚN.

PARA UNHA MELLOR ORGANIZACIÓN, ENVIADÉ ÁS TITORÍAS POR MEDIO DOS VOSOS FILLOS UNHA NOTA CO NOME E APELIDOS DOS FAMILIARES QUE DESEXEN PARTICIPAR, ASÍ PODEREMOS FACER CON ANTELACIÓN AS PEGATINAS E OS DIPLOMAS QUE VOS ENTREGAREMOS.

Agradecendo de antemán a vosa colaboración, recibide un cordial saúdo.

Cambre, 20 de xaneiro de 2023

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES